



BASES DO PROGRAMA CONCILIA DE VERÁN 2025

1. Obxecto

O Programa Concilia 2025, é unha iniciativa de atención á infancia que ofrece aos pais e nais a posibilidade de que os seus fillos e fillas nas datas de vacacións de verán: finais de xuño, xullo e agosto, poidan optar a esta proposta que se pon en marcha dende o concello de Vila de Cruces para facilitar a conciliación entre a vida laboral e os coidados dos menores.

É un servizo independente dos cursos de natación 2025.

2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo aquelas persoas que teñan fillos/as con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos e que xa estean cursando nos CEIP.

3. Requisitos e procedemento de concesión de prazas:

Non se admitirán aquelas solicitudes que non inclúan a documentación complementaria, debendo ter que proceder a realizar un novo rexistro coa mesma.

A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos segundo o seguinte orde de preferencia:

- 1) Que o/a neno/a curse os seus estudos no CEIP Cerdeiriñas ou CEIP Nosa Señora da Piedade.
- 2) Que o/a neno/a e algún dos proxenitores estean empadroados no Concello de Vila de Cruces.
- 3) Que as persoas proxenitoras que estean realizando unha actividade laboral ou profesional remunerada ou cursen estudos, xustifiquen a imposibilidade de atender aos seus fillos/as no horario establecido para a prestación do servizo.
- 4) Que as persoas proxenitoras que estean de baixa por enfermidade ou maternidade ou paternidade, xustifiquen a imposibilidade de atender aos seus fillos/as no horario establecido para a prestación do servizo.
- 5) Resto de solicitudes.





4. Desenvolvemento das actividades: quendas, horario , n.º de prazas e lugar de recepción:

4.1 Quendas: A actividade desenvolverase de xeito SEMANAL:

- SEMANA DO 23 AO 27 DE XUÑO
- SEMANA DO 30 XUÑO AO 4 DE XULLO
- SEMANA DO 7 AO 11 DE XULLO
- SEMANA DO 14 AO 18 DE XULLO
- SEMANA DO 21 AO 24 DE XULLO
- SEMANA DO 28 XULLO AO 1 AGOSTO
- SEMANA DO 4 AO 13 DE AGOSTO (Non haberá concilia os días 11 e 12 por ser festivos locais)
- SEMANA DO 14 AO 22 DE AGOSTO (Non haberá concilia o 15 por ser festivo)
- SEMANA DO 25 AO 29 DE AGOSTO

4.2 Horario:

- Horario de 9.00 a 14.00 horas

4.3 Prazas:

Ofértanse 80 prazas por quenda/semana. **Os/as solicitantes poderán participar en 8 semanas como máximo (débase ter en conta que todos os nenos e nenas deben descansar cando menos 15 días).**

4.4 Lugar: a recepción e recollida de participantes realizarase no pavillón municipal de deportes.

As actividades desenvolveranse nas seguintes instalacións: pavillón de deportes, recinto do colexio Nosa Señora da Piedade, parque xunto á Residencia de maiores, auditorio Xosé Casal, piscina municipal e zonas exteriores próximas ao pavillón.

5. Solicitudes

A solicitude e a documentación complementaria presentarase no formulario normalizado que figura como ficha de inscrición/solicitude do Programa Concilia 2025, e que estará dispoñible nas dependencias do Concello, ou na web www.viladecruces.es.

Tamén se enviará por ABALAR.

6. Documentación complementaria necesaria para a tramitación da solicitude.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





- a) **Obrigatorio:** Fotocopia do DNI do/a pai/nai ou tutor-a legal.
- b) De ser o caso: Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio; ou da resolución xudicial que estableza as medidas paternofiliais dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e /ou do convenio regulador.
- c) De ser o caso: Certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social, de ser o caso.
- d) **Obrigatorio (traballador por conta allea):** Certificado de traballo que xustifique a situación laboral do pai e a nai dos meses de xuño, xullo e agosto, (Especificando o tempo de goce das vacacións, de ser o caso).
- e) **Obrigatorio (traballador por conta propia/autónomo):** Copia do Certificado de alta no Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou Autónomo e aportación dos recibos de autónomos dos meses que precisen o servizo de conciliación.
- f) De ser o caso: Informes médicos das persoas proxenitoras que estean de baixa por enfermidade ou maternidade, que xustifiquen a imposibilidade de atender aos seus fillos/as.
- g) **Obrigatorio:** Copia do libro de familia.
- h) Comprobación de datos: O Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar será obxecto de consulta pola administración pública.

6.1. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

*** AQUELAS SOLICITUDES QUE SE REXISTREN SEN INCLUIR A DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE SOLICITA NESTAS BASES NON SERÁN VÁLIDAS.**

7. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes.

- ◆ O prazo de presentación das **solicitudes será do 13 de maio ao 23 de maio 2025 ámbolos dous incluídos.**

As solicitudes deberánse **presentar presencialmente no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica.**

NON SE RECOLLERÁN SOLICITUDES FORA DO PRAZO ESTIPULADO.
(*Se quedan prazas libres abrírase un período de presentación de solicitudes extraordinario).

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





6. Prezo

Haberá desconto para aquelas familias que teñan máis de un neno/a usuario/a do servizo; que se aplicará do seguinte xeito : o 1º neno/a pagará o custe total do servizo por semana, a partir do 2º e os seguintes nenos/as aplicarase un 20% de desconto para cada un deles, do xeito que se reflicte na táboa.

O prezo do programa será o indicado na seguinte táboa:

SEMANA	PREZO POR 1 NENO/A	PREZO POLO 2º NENO/A E CADA UN DOS SUCEIVOS
DO 23 AO 27 DE XUÑO	25 EUROS	20 EUROS
DO 30 XUÑO AO 4 XULLO	25 EUROS	20 EUROS
DO 7 AO 11 DE XULLO	25 EUROS	20 EUROS
DO 14 AO 18 DE XULLO	25 EUROS	20 EUROS
DO 21 AO 24 DE XULLO	20 EUROS	16 EUROS
DO 28 XULLO AO 1 AGOSTO	25 EUROS	20 EUROS
DO 4 AO 13 DE AGOSTO	30 EUROS	24 EUROS
DO 14 AO 22 DE AGOSTO	30 EUROS	24 EUROS
DO 25 AO 29 DE AGOSTO	25 EUROS	20 EUROS

6.1 Forma de pago

- O pago efectuarase no número de conta habilitado polo Concello de Vila de Cruces unha vez confirmada a admisión do participante.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





O pagamento das semanas, así coma o envío do xustificante de pago, deberase formalizar no tempo e forma indicados a continuación:

ANTES DO 16 DE XUÑO DE 2025 DEBERASE PROCEDER AO PAGO DAS SEGUINTES SEMANAS E AO ENVIO DO XUSTIFICANTE DO MESMO

(enviar xustificante de pago a “mireya.otero@viladecruces.es”)

SEMANA DO 23 AO 27 DE XUÑO

SEMANA DO 30 XUÑO AO 4 DE XULLO

ANTES DO 30 DE XUÑO DE 2025 DEBERASE PROCEDER AO PAGO DAS SEGUINTES SEMANAS E AO ENVIO DO XUSTIFICANTE DO MESMO

(enviar xustificante de pago a “mireya.otero@viladecruces.es”)

SEMANA DO 7 AO 11 DE XULLO

SEMANA DO 14 AO 18 DE XULLO

ANTES DO 14 DE XULLO DE 2025 DEBERASE PROCEDER AO PAGO DAS SEGUINTES SEMANAS E AO ENVIO DO XUSTIFICANTE DO MESMO

(enviar xustificante de pago a “mireya.otero@viladecruces.es”)

SEMANA DO 21 AO 24 DE XULLO

SEMANA DO 28 XULLO AO 1 AGOSTO

ANTES DO 28 DE XULLO DE 2025 DEBERASE PROCEDER AO PAGO DAS SEGUINTES SEMANAS E AO ENVIO DO XUSTIFICANTE DO MESMO

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





(enviar xustificante de pago a “mireya.otero@viladecruces.es”)
SEMANA DO 4 AO 13 DE AGOSTO
SEMANA DO 14 AO 22 DE AGOSTO

ANTES DO 13 DE AGOSTO DE 2025 DEBERASE PROCEDER AO PAGO DAS SEGUINTESE SEMANAS E AO ENVIO DO XUSTIFICANTE DO MESMO (enviar xustificante de pago a “mireya.otero@viladecruces.es”)
SEMANA DO 25 AO 29 DE AGOSTO

8. Publicación do listado de admitidos/as no servizo.

- ◆ O **Listado provisional** de admitidos/as: publicarase na páxina web e nas redes sociais do Concello de Vila de Cruces o día **30 de maio de 2025**. (Aparecerá o número de identificación que indiquedes na solicitude)
- ◆ O **Listado definitivo** de admitidos/as: publicarase na páxina web e nas redes sociais do Concello de Vila de Cruces o día **9 de xuño de 2025**. (Aparecerá o número de identificación que indiquedes na solicitude)

9. Revogación do servizo.

Perderase a condición de beneficiario/a:

- a) Por falta de pagamento no prazo sinalado.
- b) Por renuncia do beneficiario/a comunicada por escrito.
- c) Por incumprimento das normas que establece o servizo.

10. Protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Vila de Cruces coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As listaxes de admitidos/as publicaranse na web do concello de Vila de Cruces, no facebook do concello de Vila de Cruces e no taboleiro de anuncios.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





As persoas que se inscriban aparecerán reflexadas no listado provisional e no de admitidos co número de identificación que indiquen na súa solicitude (deberá ser un n.º de 5 díxitos da súa preferencia)

11. Traslado dos nenos/as entre o concilia e os cursos de natación.

Aqueles nenos/as que estean admitidos no concilia e nos cursos de natación serán trasladados polos monitores para realizar ambos servizos (non será necesario que acudan os pais/nais para o traslado dos nenos/as do concilia aos cursos de natación).

Asinado. Luis Celso Taboada Sánchez

Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

